cREAgal

Rúbrica do reto (versión docente)

Ítem	1	2	3	4
Aplicación de etiqueta dixital	Baixo grao de coherencia, cohesión, corrección ortográfica e un rexistro pouco axeitado á situación. Faltan partes fundamentais do correo, non se achega ningún arquivo.	Baixo grao de coherencia, cohesión, corrección ortográfica e un rexistro pouco axeitado á situación. Faltan partes fundamentais do correo, non se achega ningún arquivo.	Bo grao de coherencia, cohesión, corrección ortográfica, rexistro axeitado á situación. Falta algunha parte non fundamental do correo. Achégase un arquivo.	Correo redactado con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e un rexistro axeitado á situación. O correo está completo. Achégase un arquivo correctamente nomeado.
Respecto das licenzas de autoría	A maior parte dos recursos teñen unha licenza inadecuada e non están feitas as referencias á autoría.	Máis dun 50% dos recursos teñen unha licenza inadecuada e/ou están mal feitas as referencias á autoría.	Máis do 70% dos recursos teñen licencia CC ou DP e están feitas as referencias á autoría., con algún erro.	Todos os recursos utilizados teñen licencia CC ou DP e están correctamente feitas as referencias á autoría.
Manexo plataformas virtuais de aprendizaxe	Dificultades de acceso e uso da AV e manexar. Non usa ou usa incorrectamente os foros. Realiza as entregas con axuda.	Presenta algunha dificultade no uso da AV. Non participa nos foros. Realiza as entregas con axuda.	Presenta poucas dificultades no uso da AV. Participa ocasionalmente nos foros. Realiza as entregas sen axuda.	Accede e usa sen dificultade a AV. Usa os foros correctamente cumprindo a etiqueta dixital. Realiza as entregas correctamente e con autonomía.
Uso responsable do equipo e resolución de problemas técnicos	Realiza un uso irresponsable do equipo, accedendo a webs non autorizadas. Sen autonomía para a resolución de problemas técnicos básicos.	Nalgunha ocasión accedeu a webs non autorizadas. Pouca autonomía para a resolución de problemas técnicos sinxelos.	Case sempre realiza un uso seguro e responsable do equipo, accedendo a webs autorizadas. Resolve problemas técnicos sinxelos de forma autónoma.	Realiza un uso seguro e responsable do equipo, accedendo a webs autorizadas. Resolve problemas básicos de conexión de periféricos, borrado de historial e cookies.
Correcta organización de arquivos e almacenamento seguro	Presenta os arquivos sen organizar en cartafoles e/ou se perde o documento durante a súa elaboración.	Os arquivos están organizados nun único cartafol. Non atopa facilmente o documento durante a súa elaboración.	Os arquivos están organizados en tres cartafoles, existindo casos puntuais de mestura de arquivos ou algún non está correctamente nomeado. Almacénanse de forma segura os arquivos necesarios.	Os arquivos están perfectamente clasificados nos seus 3 cartafoles correspondentes e correctamente nomeados. Almacénanse de forma segura os arquivos necesarios.
Identificación de riscos, ameazas e ataques	Identifica os riscos, ameazas e ataques con axuda externa no desafío. Hai dificultades para explicalos no documento informativo e diferencialos.	Identifica os riscos, ameazas e ataques no desafío. Hai dificultades para explicalos no documento informativo e diferencialos claramente.	Identifica os riscos, ameazas e ataques no desafío. A explicación no documento é moi xenérica.	Identifica correctamente os riscos e ameazas e defíneos claramente no documento, de forma detallada, concreta e correcta.
Consecuencias e medidas protección	Descoñece os riscos e non adopta ningunha medida para protexer datos e información.	Coñece algún dos riscos. As medidas de protección adoptadas son insuficientes e non ten claro como melloralas.	Coñece os riscos. Adopta medidas de protección de datos e información mellorables.	Coñece de forma detallada e crítica as consecuencias dos riscos, ameazas e ataques. Adopta as medidas de protección axeitadas.
Contido: patrón organizativo e deseño	O contido está incompleto, ausencia de análise crítica e ética da temática. Faltan ideas clave. O grao de organización é baixo, con erros na redacción que dificultan a comprensión.	O contido é xenérico, con baixo grao de análise crítica e ética da temática. Faltan ideas clave. O grao de organización é baixo. Presenta erros ortográficos.	Realiza unha análise crítica da temática, expondo os conceptos e ideas clave, organizado e cunha redacción correcta que facilita a comprensión.	Realiza unha análise crítica e ética da temática, expondo os conceptos e ideas clave con claridade, ben organizado e estruturado e cunha redacción correcta que facilita a comprensión. Presenta algunha mellora das propostas.

"Rúbrica del reto", del proyecto *cREAgal*, publicada bajo la licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0